

A ROMANIZACIÓN
DA
GALLAECIA



A romanización da Gallaecia

(Proxecto interdisciplinar para o alumnado de 1º da ESO)



I.E.S. Lamas de Abade

Curso 2009 – 2010

Esta obra colectiva foi preparada polo profesorado dos departamentos de Xeografía e Historia , de Lingua Inglesa, de Lingua Castelá, de Plástica, de Lingua Galega, de Educación Física, de Física e Química, de Latín e Grego, de Matemáticas , de Orientación, de FOL, de Sanidade e do equipo de normalización e dinamización lingüística do IES Lamas de Abade que participou de forma colaborativa na proposta experimental do Proxecto Interdisciplinar para o alumnado de 1º da ESO no curso 2009 – 2010 e no grupo de traballo de Moodle.

Este material e outro máis que completa o traballo pode ser consultado na aula virtual do centro. Para facelo debes entrar na rede e escribir <http://centros.edu.xunta.es/ieslamasdeabade/moodle/course/view.php?id=26> .

Santiago 2010

A ROMANIZACIÓN DA GALLAECIA

A romanización é un longo proceso de aculturación polo que os diversos pobos conquistados por Roma adoptaron a súa cultura. No caso dos Callaicoi este proceso faise de vagar, ao longo de séculos, e vai desde os primeiros contactos comerciais, pasando por unha etapa de guerra e conquista do territorio, ata a fase de colonización e integración no imperio



Castro de Coaña

A poboación asimila a cultura de Roma e copia o seu xeito de vivir, cambia os costumes, de relixión, de idioma, de organización administrativa,...



Casa castrexa de Briteiros

A xente baixa dos castros para vivir en cidades como Lucus Augusti, *vicus* e *vilas* como a de Cambre, que pode ser visitada (http://es.wikipedia.org/wiki/Villa_romana_de_Cambre).

Pasa de adorar a divinidades relacionadas coa natureza e o mundo astral, ás fontes e aos outeiros, a deuses indíxenas como Durbedico, Coso, ou Navia, a facer sacrificios aos deuses romanos.



Muralla de Lucus Augusti

As clases altas visten como os romanos e teñen a cidadanía romana, mentres que a maioría da poboación ten o estatus de *incolae* sendo tratada como poboación indíxena vencida.



Lexionario romano




guerreiro castrexo

A romanización da sociedade galaica foi escasa. O control do país por parte da administración imperial centrouse preferentemente na explotación dos recursos mineiros e no mantemento da *pax romana* para o que construíron unha importante rede de estradas que controlaban con campamentos militares como o de *Aquis Querquernis*

O CALENDARIO ROMANO

Na historia do calendario romano pódense distinguir tres fases ou etapas:

Fase inicial: O calendario romano foi creado durante o reinado de Rómulo, fundador de Roma. Comprendía dez meses lunares: martius, de 31 días, aprilis (30), maius (31), junius (30), o que facían un total de 304 días, e deixando un período antes de comezar o ano sen corresponder a ningún mes.



Reforma de Numa Pompilio (2º rei de Roma): unha reforma na que se engadiron dous meses máis, xaneiro e febreiro, pasando a comezar o ano en xaneiro e non en marzo como anteriormente, e pasando o ano a durar 355 días: febreiro tiña 28 días, marzo, maio, xullo e outubro 31, e o resto 29. Isto ocorreu no ano 153 a. de C.

Reforma de Xulio César: no ano 45 a. C. (ou ano 707 da fundación de Roma) Xulio César encargou a reforma do calendario a un astrónomo exipcio (Sosíxenes de Alexandría).

Os meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, agosto, outubro e decembro teñen 31 días; abril, xuño, setembro e novembro, 30 días; e febreiro 28. Para acomodar o ano ó curso do sol, Xulio César ordenou que cada catro anos se engadise un día máis: son os anos

bisestos. Este día se engadía entre o 24 e o 25 de febreiro.



CALENDARIO ROMANO

Á morte de Xulio César e no seu honor deuse o nome de Julius ó mes que ata entón se chamara Quintilis. E máis tarde Augusto deu o seu nome a Sextilis.



Así indicaban a data

▪ **Indicación dos días**

Para cada mes había tres datas clave:

- Kalendas (abreviadO Kal): o primeiro día do mes.
- Nonas (Non): o día 5 do mes, agás nos meses de marzo, maio, xullo e outubro, que era o día 7.
- Idus (Id): o día 13 do mes, agás en marzo, maio, xullo e outubro, que era o día 15.



Para referirse a unha data determinada seguían o seguinte sistema:

1. Se se trata dun dos días clave utilízase a abreviatura correspondente seguida da abreviatura do mes:

Por exemplo, Kal. Ian.: 1 de xaneiro.

Id. Mar.: 15 de marzo.

2. Se é o día anterior ou posterior a unha data clave noméase:

- anterior: **pridie** seguido da data e mes correspondente:

pridie Kal. Ian.: 31 de decembro.

- posterior: **postridie** seguido da data e o mes correspondente:

postridie Kal. Ian.: 2 de xaneiro.

3. Se se trata de calquera outro día, tómase como referencia a vindeira data clave e cóntanse os días que faltan ata ela, incluíndo o día no que nos atopamos e o da data clave. Utilízase a abreviatura a.d. ('ante diem'),ponse o número de días en números romanos e indícase a data clave e o mes en abreviatura:

a.d. VIII Kal. Feb.: 25 de xaneiro.



CLEPSIDRA

▪ **Indicación dos anos**

Para indicar o ano nomeábase ós cónsules do mesmo:

M. Messala (et) M. Pisone consulibus...

Outra forma de indicar o ano consistía en tomar como referencia o ano da fundación de Roma (753 a. de C.), contando os anos transcorridos dende entón e escribíndoo en números romanos. Xeralmente engádense as siglas A.U.C. (Ab urbe condita):

CCXLI A.U.C.: ano 512 a. de C.



RELOXIO DE SOL. SEGÓBRIGA.

Para levar a conta das horas que pasaban, os romanos tiñan reloxos de sol para o día, candeas de cera que ardían na noite ou clepsidras.

A EDUCACIÓN EN ROMA: A ESCOLA

Os nenos e nenas romanos asistían primeiro ao “Ludus”, escola elemental, onde o “Ludimagister” ensináballes a ler e a escribir. Posteriormente, na escola media, os “Grammaticus” instruíanos nos autores gregos e latinos, en Historia, en Xeografía e en Filosofía. Para isto tiñan que aprender Grego, porque todos os filósofos importantes desta época eran gregos.

As clases dábanse polas mañás. A ensinanza primaria (dende os sete ata os once ou doce anos) tiña lugar na casa do Litteratos, onde aprendían a ler, escribir e contar. As escolas eran locais moi humildes, onde había cadeiras ou bancos sen respaldo para o alumnado, que escribía sobre táboas de madeira recubertas de cera apoiadas nos xeonllos.



Ata os doce anos eran mixtas pero logo separábanse por sexos. Aos catorce anos as nenas xa eran consideradas como adultas e, polo tanto, quedábanse na casa para axudarlle a súa nai nos labores domésticos. Os rapaces patricios continuaban na escola ata os dezasete anos, idade na que accedían á carreira política ou ao exército.

Os mestres castigaban aos alumnos que non se portaban ben cun látego ou cunha barra de madeira flexible chamada “palmeta” ou “férula”. Sen embargo, o profesor non debía deixarse levar pola ira, e considerábase que a proximidade co

alumnado, o aprecio mutuo, e o falar na aula de honestidade e de bondade tería como consecuencia unha menor necesidade de empregar castigos. Tampouco debía abusar da familiaridade co seu alumnado, e considerábase moi importante a gabanza na súa xusta medida, así como a corrección das condutas inadecuadas.



Ao alumnado, pola súa banda, recomendábaselles que amasen aos seus mestres tanto como aos seus estudos, e que os considerasen os seus pais no plano intelectual.

Os alumnos romanos escribían cun “estilo” ou “punzón” de ferro sobre táboas de madeira recubertas de cera e tamén en “rolos de papiro”, empregando o “cálamo” (cana ou extremo tallado para mollar na tinta). Máis tarde, o papiro foi substituído por follas fabricadas coa pel de animais como a ovella ou a cabra. Para aprender cálculo utilizaban o “ábaco”.



A ensinanza secundaria, impartida polo Grammaticus, acollía a rapaces e rapazas desde os once ou doce ata os dezaseis ou dezasete anos. Centrábase no estudo da teoría gramatical, lectura dos autores clásicos gregos e latinos e comentario dos textos lidos. A partires do comentario do texto aprendían xeografía, mitoloxía, métrica e física.

Os fillos dos Senadores e dos cidadáns importantes que seguían cos estudos superiores facíano cun “Rhetor”. Este preparábaos para a vida pública. Despois dunha serie de exercicios preparatorios, o

alumno exercitábase na declamación, na que se distinguían dous xéneros:

1. Suasoriae. Discursos sobre temas históricos. Eran monólogos nos que os personaxes famosos da historia valoraban os pros e os contras antes de tomar unha decisión.
2. Controversiae. Discusións entre dous escolares que defendían puntos de vista contrarios sobre temas xudiciais moi variados.

RESUMO DO SISTEMA EDUCATIVO ROMANO (dende o século II a.C.)

Nivel de estudos	Idade dos alumnos	Nome do profesor	Planes de estudo	Locais	Metodoloxía
Elemental (primario)	7-11 No Imperio, para pobres, había escolas gratuítas	Ludi magister ou Litterator	Lectura, escritura, contas e memorizacións sinxelas. Lei das Doce Táboas. Obxectivo: Cultura básica e actitude cívica.	Pergulae -azoteas- ou tabernae -tendas-	Memorización, castigos corporais: úsase a férula
Medio (secundario)	12-16 ricos ou privilexiados	Grammaticus	Explicacións de poetas gregos e romanos. Perséguese o perfecto dominio da lingua	Tabernae ao longo do foro, abertas ao público	Comentario de texto, gramática, métrica, historia mitoloxía, xeografía. Memorización
Superior (universitario)	17-20 Alumnos que aspiran ao <i>Cursus honorum</i> -carreira política-	Rhetor	Oratoria: regras para mellorar a elocuencia	Pórticos do foro. Dende o Imperio, o estado facilitou fermosas aulas.	Exercicios prácticos: <i>suasoriae</i> <i>controversiae</i>

Adaptado de “<http://viajandoalpasado.gathacol.net/category/roma>”

OS DEUSES ROMANOS


En Roma a relixión estaba ó servizo dos individuos e tamén do Estado. Todos os ritos e sacrificios ós deuses facíanse para conseguir cousas deles.

Había dous tipos de culto: o culto privado ou doméstico, dentro da casa, e o culto público, que se lle rendía ós grandes deuses nacionais.

O CULTO PRIVADO

Nas casas romanas había unha pequena capela ou un sinxelo burato na parede, chamado fórnice, onde poñían un altar para renderlle culto ós deuses *lares* e *penates*. Estas pequenas capelas chamábanse *lararios*.

Nos *lararios* os romanos pintaban ou colocaban estatuas dos seus deuses domésticos.



Larario romano

Ademais, cando celebraban algo en especial, empezaban dita celebración ofrecendo perfumes e flores aos deuses da casa.

Os deuses *lares* e *penates* protexían as vivendas e mailo lume. Tamén protexían as leiras e todas as propiedades.

Todos os días do ano facíanlles ofrendas a

estes deuses. Cando acababan de comer sempre deixaban algo na mesa para eles.



Divindade do fogar

A deusa da casa máis importante era *Vesta*, que recibía tamén culto público.

Tamén se lle rendía culto ós deuses *manes*, que eran os espíritos dos familiares mortos.



Un deus man

Os romanos crían que se non se acordaban dos seus mortos e non lle facían ofrendas, estas almas non terían paz e chegarían a converterse en espíritos malignos.



Estela dedicada aos deuses manes.

Cando alguén morría, a familia sacaba os deuses *manes*, é dicir, os seus antepasados ó seu enterro. Voluntarios levaban as máscaras dos antepasados que a familia do defunto gardaba na súa casa.



Máscaras funerarias

O pai ou *paterfamilias* facía de sacerdote. Dirixía as ofrendas e dicía as oracións.



Pater familias

O CULTO PÚBLICO

Nun principio, os romanos non representaban ós deuses que adoraban. Cando conquistaron Grecia, non só acolleren as súas deidades senón tamén a súa forma de representalas.

Ós grandes deuses, xa fosen propios ou adoptados dos países conquistados, rendíáselles culto público. Este culto estaba unido á política.

Os deuses capitolinos, presididos por Xúpiter, Xuno e Minerva, interviñan en todos os asuntos da vida romana.



Xúpiter, no centro, Xuno e Minerva.

Na súa honra celebrábanse festas e xogos. Todos os anos, os pontífices ou xefes dos sacerdotes, confeccionaban o calendario das festas e xogos dedicados ós deuses. Tamén se facían celebracións relixiosas en caso de grandes calamidades.

Cada deus tiña os seus propios sacerdotes. Estaban presididos polo *pontífice*. O xefe de todos os pontífices era o *pontífice máximo*. Na época do Imperio o *Pontífice máximo* era o Emperador.



Pontífice Máximo

DEUSES PRINCIPAIS



XÚPITER

Xúpiter era o deus principal para os romanos. Era o pai e o rei de todos os deuses. Era o deus do ceo e da luz.



MINERVA

Deusa da guerra e da sabedoría.



XUNO

Esposa e irmá de Xúpiter, era a deusa da fecundidade.



MARTE

Marte é o deus da guerra.



APOLO

Apolo é o deus do sol, da medicina, dos oráculos e da música. O seu instrumento é a lira.



CERES

É a deusa da agricultura e da prosperidade. Por iso moitas veces representábase portando o corno da abundancia



VENUS

Venus é a deusa da natureza, da primavera, da beleza e do amor.



BACO

É o deus do viño. Leva un acio de uvas nunha man e unha copa de viño na outra.



NEPTUNO

Neptuno é o deus do mar. Manda sobre as olas e pode provocar tronadas para que nazan as fontes.



MERCURIO

É o mensaxeiro dos deuses. Por iso se representa con ás. Tamén é protector dos comerciantes dos ladróns.



PLUTÓN

Plutón é o deus do inferno, ten sona de severo e adoita ser representado co seu casco que o fai invisible e co seu can.



DIANA

Irmá xemela da Apolo é a deusa da caza. Vive nos bosques e nos espazos salvaxes na compañía de ninfas.

No tempo do Imperio os emperadores convertéronse en deuses e eran honrados coma tales. Na ilustración que vemos abaixo temos o Emperador Augusto representado descalzo, como se representan os deuses.



Ós deuses máis importantes dedicábaselle un templo. Nel non podían entrar os fieis, só era morada do deus ou deusa. Diante dos templos había un altar onde se ofrecían sacrificios, que as veces eran de animais vivos. Os romanos non eran dados ós sacrificios humanos.



Templo de Diana. Mérida

OS DEUSES INDÍXENAS DA GALLAECIA

Antes da chegada dos romanos á Península Ibérica e ás Illas Británicas a xente que habitaba neses lugares tiña as súas propias crenzas e mailos seus propios deuses e deusas.



O deus guerreiro Bodán, Woden ou Odín

Aquí en Galicia a cultura celta e castrexa cría na existencia de moitos espíritos que habitaban nas cousas e na natureza.

Adoraban ademais a unha serie de deuses e deusas. Moitos deles coincidían cos que honraban noutros lugares de Europa coma en Bretaña, Irlanda, Escocia e Inglaterra.


Os sacerdotes celtas chamábanse *druídas*.

ALGÚNS DEUSES DA GALLAECIA



COVENTINA

Deusa da abundancia e da prosperidade.



NAVIA

Deusa das augas, das fontes e dos ríos.



LUG

Deus do sol, do comercio, da prosperidade, dos artesáns e dos camiños.

BANDUA: deus da guerra e da cultura castrexa. Similar ao deus romano Marte.

BEROBREO: deus do Alén.

BORMÁNICO: deus das augas termais.

OS DEUSES NA BRITANIA ANTES DA ROMANIZACIÓN

Before the Romans arrived in the Iberian Peninsula and in the British Isles, the people living there had their own beliefs, gods and goddess.

In Britain the Celts and Saxons believed in a lot of spirits who lived in the nature and things.

They also adored different gods and goddess. Some of them are the same they adored in Hispania and the French Brittany.

The celtic priests were called *Druids*.



A Celtic druid

Celtic and Saxon gods in ancient Britain



FRIGG: Saxon god of the sea.

TIW: Saxon god of the war.

HEL: It was the Saxon god of the death.

NODENS: Celtic god of the health and the healing.

LIR: Celtic god of the sea.

SUCELLOS: Celtic god of agriculture.

GOFANNON: It was the god of the smiths.

THUNOR: Saxon god of the thunder.

MODRON: Goddess of the motherhood.

SAXNOT: Saxon god of the family.

ANU ou DON: Goddess of fertility.

BELENOS: It was the Celtic god of the sun.

OS XOGOS

Ás nenas e nenos romanos encantáballes xogar e, agás os xogos electrónicos, xogaban aos mesmos xogos aos que xogamos nós.



Estribillaban con pequenos animais que tiñan como mascotas: cigarras, grilos e paxaros que coidaban nas súas gaiolas, cans, cordeiros, coellos ou ratos que adestraban para tirar de carros ou facer outros enredos.



Un xogo moi popular era o das bólas, podían ser de vidro transparente, de mármore e mesmo de barro. Aínda que hai referencias plásticas e textuais, non sabemos as regras deste xogo, o máis seguro é que xogaran coma nós

Tiñan varios xogos de pelota entre os que podemos citar o **harpastum**, versión romana da phaininda grega, era un xogo semellante ao rugby. Facíanse dous equipos de entre 5 e 12 xogadores que se

disputaban unha pelota do tamaño dunha pelota de softball, nun terreo rectangular dividido en dous campos. Cada equipo debía manter a pelota no seu campo, mentres o contrario trataba de quitarlla para levala ao seu.




Entre os xogos de taboleiro estaban a **tabula lusoria**, semellante ao tres en raia, o **ludus latruncularum** e o **ludus duodecim scriptorum**, xogos de cálculo e estratexia aos que xogaban rapaces e os maiores.



Un xogo de invención romana é a mariola, que tivo a súa orixe nun exercicio que realizaban os lexionarios romanos vestidos coa súa armadura para mellorar a súa destreza física, andando o tempo popularizouse entre a xente nova de todo o imperio.

Despois da escola, pasaban a tarde xogando ás agachadas ou ás chucas cos astrágalos dos cordeiros.



As nenas tamén xogaban con bonecas articuladas, que vestían e espían, e tiñan cociñas con todo o seu enxoval de barro.

Os nenos xogaban ao **caput aut navis**, que consistía en tirar unha moeda e ver se saía cara ou cruz. Ao **digitir micare**, adiviñar a suma dos dedos que sacaba cada participante o mesmo que facemos agora cando xogamos aos chinos. Á **musca aenea**, ven sendo a galiña cega. Ao **turbo**, o trompo. Ao **Oscilium**, o columpio. Ao **orbis**, o aro.



Ben vedes que, en cuestión de xogos, continuamos estribillando como hai 2.000 anos.

O SISTEMA MONETARIO


Orixes

Nun principio Roma, como toda civilización antiga, utilizou o troque para o comercio, sendo a primeira unidade de medida a unidade do gando (bois ou ovellas), chamada "Pecua" ou "Pecunia".

Aproximadamente no século V a. de C. debido ao inicio das relacións comerciais, á estabilidade interna e ao contacto cos gregos, este sistema foi substituído.

Os primeiros sistemas monetarios

Os primeiros sistemas monetarios utilizaban como moeda uns lingotes de bronce e cobre, sen marca ou inscrición, chamados **Aes rude**. Eran de forma irregular, e o seu valor dependía do peso, que variaba entre os 8 e os 300 gramos.



Aes rude

Máis adiante, estes lingotes sen ningún deseño foron adornados con figuras de animais, con frecuencia gando. Os máis comúns, aínda que houbo outros, chamáronse **Aes signatum**.



Aes signatum

Non se trataban de unha moeda propiamente senón que servían para efectuar intercambios de obxectos.

Aparición das primeiras moedas

En torno ó ano 280 a.C. comezan a producirse unhas pezas circulares chamadas **Aes grave**, consideradas xa

como verdadeiras moedas. No reverso de estas moedas representábase normalmente a proa dunha galera, en sinal do poder naval de Roma. No seu anverso representábanse divindades. Distinguíanse varias unidades fragmentarias, destacan entre outras: o **As** (no que se representaba ó deus Xano, deus das portas, dos novos comezos), o **Semis** (no que se representaba ó deus Saturno, deus da agricultura e da colleita), o **Triens** (onde se representaba á deusa Minerva, deusa do saber e das artes), o **Quadrans** (no que se representaba a Hércules, fillo de Zeus) ou o **Uncia** (onde se representaba a Belona, deusa da guerra e esposa de Marte).



As

Aparición do Denario

Existe diversidade de opinións sobre a data de aparición dos Denarios, considérase que Roma iniciou a cuñaxe de Denarios en torno ó ano 212 a.C. O Denario constituíuse como a moeda oficial do Imperio Romano e como un dos elementos fundamentais da economía romana. Normalmente o Denario estaba feito en prata pero tamén houbo Denarios de ouro, que comezaron a circular na época de Xulio César, e noutras ocasións confeccionábanse de cobre cun baño de prata. Co transcurso do tempo a pureza e peso de esta moeda foi reducíndose ata que deixou de acuñarse; isto foi así en parte debido á carencia de metais preciosos cós que acuñar as moedas así como é debilidadade das finanzas estatais. Como consecuencia disto, durante os anos do Imperio sucedéronse varias reformas monetarias (como a levada a cabo por Augusto ou a levada a cabo por Nerón, entre outras).

Tipos de Denarios

Pódese falar de diferentes tipos de Denarios como os “Denarios forrados”, que son aqueles Denarios feitos de cobre e recubertos de prata. Existen varias teorías sobre este tipo de Denarios, hai quen considera que foron acuñadas como moedas de necesidade, e quen opina que son obra de falsificadores da época.



Denarios forrados

Os “Denarios serrados” son os que teñen o bordo cortado en forma de serra. Existen varias teorías sobre a razón disto, unhas din que se facía para acreditar a bondade do metal, outras que se debía ó gran número de Denarios forrados en circulación ou mesmo para evitar o limado dos bordos para roubar metal.



Denarios serrados

Os diferentes motivos que aparecían representados nos Denarios foron cambiando co paso do tempo. O motivo máis clásico e orixinal dos Denarios era o da cabeza de Roma con casco alado e os dióscuros (ou “fillos do deus”) cabalgando, que aparecen na seguinte moeda.



Posteriormente, aproximadamente no ano 190 a.C., aparece representada Diana (deusa da caza e protectora da natureza) e un carro de dous cabalos:

É aproximadamente no ano 44 a.C. cando aparece representado por primeira vez nas moedas un personaxe vivo. E a partir de entón todos os gobernantes gravaron os seus retratos nas moedas.



Áureo

Moedas de prata e moedas de ouro

A moeda de prata máis común era o Denario, pero existían tamén as seguintes:

- O **Quinario**, que equivalía a medio Denario.
- O **Sestercio**, que equivalía a un cuarto do Denario.
- O **Victoriato**, que equivalía a 3/4 de Denario.

Existiron tamén moedas de ouro, que comezaron a circular na época de Xulio César e que foron comúns a partir de Augusto. De entre as moedas de ouro convén destacar:


- O **Áureo**, que equivalía en época de Augusto a 25 Denarios.
- O **Denario de ouro**.

Debido á reforma monetaria de Augusto coexistían moedas de ouro, de prata, de cobre e de oricalco. Posteriormente leváronse a cabo numerosas reformas monetarias de mano de Caracalla, Diocleciano, Constantino, etcétera.

Nas páxinas de internet que indicamos a continuación <http://www.romancoins.info/> e <http://www1.uprh.edu/zjimenez/numismatica.htm> podes atopar máis información sobre numismática romana.

AS CALZADAS

As comunicacións dentro do Imperio Romano eran moi importantes. A construción de grandes vías terrestres supoña facilitar unha maior mobilidade, non só das tropas, senón tamén de todos os cidadáns. O sistema de vías romanas de **Hispania** era bastante completo e a maioría das cidades estaban enlazadas por vías principais. Esta complexa rede viaria permitía un grande movemento de mercadorías. As **calzadas** foron construídas con firmes alicerces, mediante unha serie de capas feitas de materiais locais, ben estudados para garantir a solidez das mesmas. No seu percorrido, ás veces, atopáronse coa necesidade de salvar ríos, polo que se fixeron pontes.




VIAS ROMANAS MÁIS IMPORTANTES

As principais estradas hispanas foron a vía Augusta ou Hercúlea, que percorría toda a costa mediterránea: comezaba en Ampurias e a través de Tarraco, Sagunto, Castulo e Córdoba chegaba ata Cádiz. A vía da Prata atravesaba o centro peninsular e unía Astorga con Itálica, pasando por Salamanca, Alcántara e Mérida. Tamén tiveron importancia a vía do Norte e a do Atlántico.

Calzadas ou “Camiños de pedra eterna” Unha impresionante rede de vías unía todo o territorio romano. Partía radialmente desde a mesma Roma, de aquí o dito: “*todos os camiños conducen a Roma*”.

As cidades estaban conectadas por calzadas que se construían cavando unha gabea e enchéndoa de pedras de diferentes grosores ata nivelar o terreo, e recubríndoo cunha última capa de material de grans finos. En casos excepcionais, e xeralmente no interior das vilas, a última capa de revestimento substituíase por un empedrado de pedras chas, formando un enlousado.



SECCIÓN DUNHA CALZADA ROMANA

Tamén, as cidades estaban atravesadas por calzadas, con beirarrúas laterais lixeiramente elevadas. Estas rúas dispuñan duns bloques de pedra separados regularmente entre si que permitían cruzar dunha beira a outra nos días de chuvia, e impedían que os vehículos acadasen velocidades perigosas. E de aí que, a separación entre as rodas dos carros era sempre a mesma, para poder pasar entre elas.



Non todas as calzadas eran da mesma categoría: existían as **terrenae**, -de terra, moi comúns-, as **glarea stratae** -unha calzada empedrada con croios ou pequenos

cantos rodados e grava- ou as ***silice stratae*** -de pedras de mediano tamaño-.




SAN MAMEDE DE EDRADA (Ourense)

Pero a calzada ideal, que só se construiu na mellor época do Imperio, era a que chegaba ás grandes cidades. Tiña ata un metro de espesor, e constaba dos seguintes elementos:

- O ***statumen*** ou alicerces que se adecuaban ás características da zona.
- O ***rudus***, unha capa de cascallos sobre dos alicerces.
- O ***nucleus***, directamente enriba do rudus e extendíase area e cal mezclada con croios todo iso pisado.
- O ***pavimentum -summa crusta*** ou ***summa dorsum-***, de lousas encaixadas con pedras máis pequenas e anacos demetal. A superficie estaba peraltada nas zonas necesarias e lixeiramente abombada, para a evacuación da auga de chuva.

A ambos lados existían canles para a recollida e condución da auga. Ademais indicábase as distancias con pedras, chamadas ***milliaris***.



PORTELA DO HOME (Ourense)


O proceso era laborioso pero moi efectivo baseándose na acumulación de diferentes capas de material. Primeiro, excavábase un leito dun metro e medio de profundidade, aproximadamente, e por riba del, dispúñase un nivel de croios e pedras: o ***statumen***. O seguinte estrato formado por unha argamasa mezclada con pedriñas, que se denominaba ***rudus***. Sobre esta base ía o ***nucleus***, que era grava compactada con arxila, area ou terra solta. Desta forma, incrementábase a elasticidade da calzada e favorecíase a drenaxe da auga. Finalmente construíase o ***pavimentum***, a parte que estaba á vista, e pola que circulaban carros e cabalos.



A FAMILIA

A familia constituía o núcleo fundamental da sociedade romana.

Unha familia estaba composta polo pai (**PATER FAMILIAS**), a súa muller, os seus fillos, os escravos domésticos (símbolo de riqueza).



A muller romana non gozaba de dereitos políticos, nin as patricias, nin as plebeas. Nunca pediron o dereito ao voto. Sempre viviron baixo a autoridade dun home (pai, marido, tío,...)



Casaban aos 13 ou 14 anos, tiñan numerosos fillos, sendo preferidos os nenos ás nenas. Sempre vivían baixo a autoridade dun home (pai, marido, tío,...)

A lei romana recoñecía ao pai unha autoridade completa (PATRIA POTESTAS). Tiña dereito de vida e morte sobre os seus fillos e escravos e a súa autoridade duraba mentres vivise.

O nome dos romanos constaba de tres ou catro palabras:

PRAENOMEN, nome propio.

NOMEN, apelido paterno.

COGNOMEN, sobrenome familiar.



AS TERMAS ROMANAS

As termas ou baños públicos eran un lugar de encontro na vida social romana. Todas as cidades romanas tiñan unha ou varias termas onde os seus visitantes podían relaxarse con **baños, saunas, e masaxes**, tamén podían facer ximnasia, gozar da compañía ou facer negocios.



Caldarium: Lugar onde se bañaban con auga moi quente despois do exercicio físico




Tepidarium: cuarto para o baño morno, antes de pasar ás bañeiras de auga fría



As termas dividíanse en varias salas. As máis importantes eran:

Apodyterium: Vestiarios



Phaeristerium :Ximnasio: onde se practicaba esgrima, loita ou xogos de pelota.



Frigidarium: Lugar onde se tomaban baños fríos




O TEATRO ROMANO

O teatro romano foi a gran creación literaria do mundo grecorromano.



Ao contrario do que aconteceu en Grecia, onde o teatro naceu das cerimonia sagradas, en Roma os espectáculos xurdiron das festas agrícolas. As danzas campesiñas e os cantos, cheos de humor e diálogos agudos, deron lugar ás farsas e comedias, nas que predominaban as burlas e a ledicia.

O teatro era un espectáculo que se prolongaba durante todo o día até a posta do Sol. Os actores do teatro romano non eran moi apreciados. As mulleres non podían recitar e os seus papeis estaban interpretados por homes. Mesmo non podían sentarse preto do escenario.



Entre os mellores autores romanos de comedias podemos citar a Plauto, Estacio e Terencio. As obras de Plauto constituían unha dura crítica á sociedade romana.


En Roma tamén acadaron moito éxito os mimos, onde as mulleres podían aparecer usando máscaras.

As representación teatrais realizábanse en suntuosos edificios públicos. Os seus elementos principais eran:

A cávea, bancada semicircular para os espectadores, dividida en sectores radiais (cunei) delimitados por escaleiras e corredores (praecinctio) de acceso, nos que se acomodaban segunda a clase social.

A Orchestra, a bancada preferente, na que se situaban os asentos de senadores e autoridades.

A escena, dividida ás súa vez en: proscenio (proscenium), espazo onde se desenvolvía a acción dramática, e pórtico (scaenae frons), o fondo arquitectónico da escena, no que se abrían tres portas para os actores.



- | | |
|------------------|-------------------|
| 1. CAVEA | 8. ADITUS MAXIMUS |
| 2. SCAENAE FRONS | 9. VERSURA |
| 3. PORTICUS | 10. PROSCAENIUM |
| 4. CUNEUS | 11. PULPITUM |
| 5. PRAECINCTIO | 12. VALVA REGIA |
| 6. TRIBUNAL | 13. HOSPITALIA |
| 7. ORCHESTRA | 14. COLUMNATIO |

O DEREITO ROMANO

Os romanos rexíanse por un conxunto de regras ou leis que foron chamadas a Dereito Romano. O Dereito Romano é unha das maiores contribucións de Roma á civilización, sendo ademais unha contribución propia non copiada dos gregos.

Os primeiros castigos para os que incumprían as leis eran moi duros, aplicábase o “ollo por ollo e dente por dente”. Despois foron suavizándose.

Segundo o Dereito Romano non todos os homes eran persoas. Para ser unha persoa había que ser un home libre e ademais cidadán romano.


Os homes non libres son os escravos. Un escravo non era unha persoa e, polo tanto, non tiña ningún dereito. Tecnicamente era considerado unha cousa. Era propiedade do seu amo, quen podía facer con el calquera cousa que se lle ocorrese.

Ao longo do tempo, o Dereito Romano evolucionou para impedir atrocidades dos amos cos seus escravos. Así, unha lei que

prohibe condenar ao escravo a ser devorado polos leóns. Máis adiante prohibe aos amos abandonar os seus escravos, deixándoos á súa sorte, cando están vellos ou enfermos.

As leis que comprenden o Dereito Romano tamén establecían que os homes libres podían ser de dous tipos: aqueles que estaban baixo o mando de outro e os que non. O Pater familias era o pai da familia e tiña baixo o seu poder a súa esposa e fillos. A muller estaba baixo o poder do seu pai. A única maneira de escapar do seu pai era casándose, entón pasaba a depender do home.

As leis do Dereito Romano daban moita importancia ao honor. Ca súa perda tamén se podía perder a condición de cidadán romano. Non tiñan honor os artistas de teatro, os gladiadores, os que casaba con dúas mulleres á vez, unha viúva que casaba antes de cumprir un ano de viuvez , ...



VIAXE DE ESTUDOS

Fixemos dúas viaxes de estudos, a primeira foi a Lucus Augusti, alí visitamos o museo, as termas e as murallas.

A segunda foi a Emerita Augusta. Logo de estar todo o curso preparando o traballo da romanización, o luns 25 de abril tiñamos todo preparado e estabamos coas pilas cargadas, eran as 8 da mañá e o autobús arrancou entre berros, sorrisos e algunha bagulla, iamos a pasar unha semana visitando varias cidades romanas.



Pazo Episcopal de Astorga



Murallas romanas de Asturica Augusta

A primeira parada foi en Asturica Augusta, preto do monte Teleno, cidade fundada por Augusto despois das Guerras Cántabras para controlar militarmente o territorio e os xacementos auríferos das Médulas. Alí, ademais de ver os restos da muralla romana, do foro e das termas, visitamos o pazo episcopal, obra do xenial Gaudí e a catedral.



Catedral de Salamanca



Catedral de Salamanca

A primeira noite pasámola en Salamanca, unha das cidades máis bonitas de España. Estivemos nas súas catedrais, que son altísimas, na Catedral Vella de Santa María, comezada en estilo románico e rematada en estilo gótico, e na Catedral Nova da Asunción, de estilo gótico tardío e barroco.



Calor, moita calor

Despois de ver a cidade, pola tarde, puidemos ir de compras e tomar un xeados para aliviar a calor. Pola noite demos unha volta pola cidade contemplando a zona vella e os seus edificios iluminados: a casa das Cunchas, a Universidade, o convento de San Esteban e a igrexa de San Marcos, unha igrexa románica de planta circular. Ao rematar achegámonos á Praza Maior para tomar o fresco e descansar un intre antes de volver ao hotel.



Praza Maior de Salamanca

Ao día seguinte, cedo, marchamos cara Emerita Augusta. Cando chegamos alí ía moita calor, pero as nosas profesoras, Carme e Cristina, querían que vísemos toda a cidade e “metéronnos caña”. Visitamos o anfiteatro e o teatro, o arco de Traxano, a capela de Santa Eulalia, o museo e que sei eu, non deixamos cousa por ver. Ao final xa coñeciamos mellor Mérida que Santiago.

En Mérida paramos no hotel “Zeus” a carón da casa de Mitreo que ten ese nome por estar relacionada co culto a Mitra.



Claustro da catedral



Casa de Mitreo



Interior da catedral



Casa de Mitreo



Praza Maior de Salamanca

Visitamos o teatro, onde os romanos e as romanas gozaban vendo representacións das obras de Plauto. Foi construído polo

cónsul Marco Vipsanio Agripa entre o 16 e 15 a.C. e na época de Traxano ergueuse a actual fachada escénica, decorada con estatuas de emperadores e deuses.



Teatro de Emerita Augusta



Teatro de Emerita Augusta



Anfiteatro de Emerita Augusta

Despois visitamos o anfiteatro, inaugurado no ano 8 a. C., era un edificio con capacidade para 15.000 espectadores, destinado ás loitas entre gladiadores e tamén entre homes e animais. Cerca del está a domus do Anfiteatro, onde vimos o

mosaico do outono, con representacións da vendimia e outro con escenas mariñas.



Ponte romana de Emerita Augusta

O chamado templo de Diana, situado no foro, é en realidade un templo dedicado ao culto imperial. Trátase dun edificio nobre, construído en granito, que se ergue sobre un podio rectangular e riba del descansan as columnas que rematan en capiteis de estilo corintio.



Templo de Diana

Visitamos o Arco de Traxano, situado ao remate do cardus maximus, era a entrada do foro provincial.

Entramos no Museo Nacional de Arte Romano, un edificio moderno obra do arquitecto Rafael Moneo. Alí gardan as pezas máis importantes que se atoparon nas escavacións da cidade. Puidemos ver: estatuas de mármore e bronce, lucernas, vidros, moedas e escoitar as historias sobre elas. Tamén visitamos os restos arqueolóxicos conservados na cripta: un tramo de calzada, uns enterramentos e restos de muros de diferentes construcións.

Paseamos por unha necrópole, onde vimos os columbarios das familias de Caio Voconio e dos Xulios



Columbarios

Os donos dos hoteles foron amables e serviciais e case tan bos como Carme e Cristina, que nos demostraron que son moi “cañeras” e divertidas a pesar de que nas clases sexan esixentes.



Descansando logo de visitar a cidade



Paseando polos xardíns

En resumo foi unha viaxe de estudos moi divertida na que aproveitamos o tempo para coñecer un pouco mellor o mundo romano.

María Rey e Antía Villaverde



Loba capitolina. Mérida



No museo de Mérida



I.E.S. LAMAS DE ABADE

COMPOSTELA, MAIO 2010